

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
TUI

Subvencións e axudas

*BASES DE PARTICIPACIÓN NO DESFILE-CONCURSO DE COMPARSAS & GRUPOS
ENTROIDO 2020*

**EXTRACTO DEL ACUERDO DEL 17 DE ENERO DE 2020 DE LA XUNTA DE GOBIERNO LOCAL,
POR LA QUE SE CONVOCAN PREMIOS Y SE APRUEBAN LAS "BASES DE PARTICIPACIÓN
EN EL DESFILE-CONCURSO DE COMPARSAS & GRUPOS" CARNAVAL 2020 TUI**

BDNS(Identif.):493129

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.la de la Ley 38/2013, del 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de datos Nacional de subvenciones:

<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>

Primero.-Beneficiarios

COMPARSAS: Se requiere un mínimo de 25 personas disfrazadas en conjunto hasta un máximo indefinido.

GRUPOS: Se requiere un mínimo de 10 personas disfrazadas en conjunto hasta un máximo de 20 personas.

Segundo.-Objeto

Convocatoria del Desfile – Concurso de Comparsas & Grupos, que se realizará dentro de las actividades del Carnaval 2020 en la ciudad de Tui, el martes 25 de febrero a las 17:00h. En caso de suspensión por lluvia, tendrá lugar como única opción el domingo 1 de marzo a las 17:00hs.

Tercero.-Bases reguladoras

Estarán a disposición de los interesados, junto a los modelos de inscripciones, y otros anexos solicitados, en la página web www.tui.gal, en el tablero de información del Ayuntamiento de Tui y en el departamento de Cultura.



Mércores, 29 de xaneiro de 2020

Núm. 19

Cuarto.-Cuantía

En el Desfile – Concurso de Carnaval 2020 se repartirá 5.600 € en 18 premios de cuatro categorías, 18 trofeos valorados en 400 €, y se reservarán 11.000 € como fijos por participación, cifra máxima establecida en caso de que todos los inscritos fueran de Tui y concurrieran con carroza.

Quinto.-Plazo de presentación de solicitudes y documentación

Las inscripciones se harán en los tres días hábiles posteriores al día de la publicación de estas bases en el BOPPO, hasta las 14:00 hs del último día, a través de la sede electrónica del Ayuntamiento de Tui (tui.gal).

Se limita la participación a las 20 primeras comparsas y a los 5 primeros grupos inscritos, con la excepción que nunca una comparsa o un grupo del Ayuntamiento de Tui quedará fuera del concurso.

Es obligatorio la presentación de la siguiente documentación:

- Copia del N.I.F de la asociación participante.
- Copia del nombramiento de la junta directiva del libro de actas de la asociación.
- Copia del D.N.I. del presidente de la asociación.

La inscripción en el Desfile-Concurso conlleva la aceptación de la entidad participante de asistir al Entierro del Bacalao, con un mínimo del 50% del total de los miembros de la comparsa o grupo, el domingo, 1 de marzo a partir de las 19:30 horas.

Además, para cobro de los premios y de los fijos, se requerirá la siguiente documentación:

- Declaración responsable de encontrarse al corriente de los deberes tributarios y de la seguridad social, según impreso normalizado.
- Declaración responsable de no estar incurso en prohibición de contrata, según impreso normalizado.
- Declaración responsable de la exención del IVA, si fuera el caso, según impreso normalizado.
- Certificado de código de cuenta cliente de la asociación inscripta.

Tui, a 21/01/2020

El alcalde,

Enrique Cabaleiro González



Mércores, 29 de xaneiro de 2020

Núm. 19

**EXTRACTO DO ACORDO DO 17 DE XANEIRO DE 2020 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
POLA QUE SE CONVOCAN PREMIOS E APRÓBANSE AS "BASES DE PARTICIPACIÓN NO
DESFILE-CONCURSO DE COMPARSAS & GRUPOS" ENTROIDO 2020 TUI**

BDNS(Identif.):493129

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2013, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos Nacional de subvencións:

<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>

Primeiro.-Beneficiarios

COMPARSAS: requírese un mínimo de 25 persoas disfrazadas en conxunto ata un máximo indefinido.

GRUPOS: requírese un mínimo de 10 persoas disfrazadas en conxunto ata un máximo de 20 persoas.

Segundo.-Obxecto

Convocatoria do Desfile – Concurso de Comparsas & Grupos, que se realizará dentro das actividades do Entroido 2020 na cidade de Tui, o martes 25 de febreiro ás 17:00h. En caso de suspensión por choiva, terá lugar como única opción o domingo 1 de marzo ás 17:00hs.

Terceiro.-Bases reguladoras

Estarán a disposición dos interesados, xunto aos modelos de inscricións, e outros anexos solicitados, na páxina web www.tui.gal, no taboleiro de información do Concello de Tui e no departamento de Cultura.

Cuarto.-Contía

No Desfile – Concurso de Entroido 2020 repartirase 5.600 € en 18 premios de catro categorías, 18 trofeos valorados en 400 €, e reservaranse 11.000 € como fixos por participación, cifra máxima establecida no caso de que todos os inscritos fosen de Tui e concorresen con carroza.

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes e documentación

As inscricións faranse nos tres días hábiles posteriores ao día da publicación destas bases no BOPPO, ata as 14:00 hs do último día, a través da sede electrónica do Concello de Tui (tui.gal).



Mércores, 29 de xaneiro de 2020

Núm. 19

Limítase a participación ás 20 primeiras comparsas e aos 5 primeiros grupos inscritos, coa a excepción que nunca unha comparsa ou un grupo do Concello de Tui quedará fóra do concurso.

É obrigatorio a presentación da seguinte documentación:

- Copia do N.I.F da asociación participante.
- Copia do nomeamento da xunta directiva do libro de actas da asociación.
- Copia do D.N.I do presidente da asociación.

A inscrición no Desfile-Concurso conleva a aceptación da entidade participante de asistir ao Enterro do Bacallau, cun mínimo do 50% do total dos membros da comparsa ou grupo, o domingo, 1 de marzo a partir das 19:30 horas.

Ademais, para cobro dos premios e dos fixos, requirirase a seguinte documentación:

- Declaración responsable de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social, segundo impreso normalizado.
- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contrata, segundo impreso normalizado.
- Declaración responsable da exención do IVE, se fóra o caso, segundo impreso normalizado.
- Certificado de código de conta cliente da asociación inscrita.

Tui, a 21/01/2020

O alcalde,

Enrique Cabaleiro González

